

Como escribir un artigo xornalístico

Á hora de escribir un artigo para o blog, necesitamos saber varias cousas antes:

-Non vas poder facer copia e pegas. A profe mirará todo o que escribes e nunca poderás copiar frases ao pe da letra a non ser que as entrecomilles, por exemplo: *Segundo dixo o ministro de economía, “Billetes para todos!”*. Pero nada de copiar frases doutros lados, pois iso é plaxiar ao persoal. Non te preocupes, poñer coas túas palabras é máis sinxelo do que parece e é o que realmente ten **mérito**, e a profe sempre te correxirá.

-Debes realizar un traballo de INVESTIGACIÓN: buscar toda a información posible sobre o tema que vas traballar. “*Os grafiteros da Coruña en 2020*”, “*As rancheras mexicanas*”, o que sexa... pois haberá que buscar en internet e en outras fontes, como libros ou persoas que sepan do asunto, todo o que se poida e verificar que é información certa.

-Chuvia de ideas: faite preguntas e pon por escrito aquelas cousas que che gustaría contar no artigo,

-Idea principal ou tese: Escribe nun papel a idea principal do artigo, sobre qué vai o artigo. Iso axudarache a facerte entender polos lectores ao longo da lectura do mesmo.

-Perfilar: Facer un esquema cos apartados do artigo que queres plantexar axudarache a escribilo.

-Introducción: Importantísima. Tes que resumir en dúas ou tres frases o que vas a contar para atraer a atención do lector. Todos os días das nosas vidas facemos introduccións orais, exemplo: “María, vouche contar o que me dixo Pepe. Seica falou coa profesora sobre o exame de bioloxía e o tema dos fungos, que como sabes non son nin plantas nin animais. Queres que che explique?” Iso é unha introducción oral. Pois hai que facela por

escrito sobre outro tema pero un pouco máis finamente, como se en vez de á vosa veciña lle falasedes ao director da Voz de Galicia.

-Desenvolvemento: En varios párrafos tendes que contar a información que recopilástedes. Cada párrafo, unha idea pero relacionada coa idea principal sempre. Estalle falando ao lector, así que debes ser clariño e ordenado.

-Conclusión: Utiliza conectores- en definitiva, en resumo, finamente- se non atopas outro recurso estilístico para finalizar o artigo. Na conclusión o lector ten que sacar en limpo unha idea xeral do que leu.

-Repasar o texto: Faltas de ortografía, repetición de palabras constante, puntuación, sentido das frases...

-Fontes: de onde sacaches a info? Sempre hai que poñelo.

Sigue estes pasos e farás un artigo estupendo, dígocho eu!!